

INTÉRPRETES

Sergio Heredia, violín barroco

Formado en institucións de Murcia, San Petersburgo e Oviedo, ampliou logo estudos cos mestres concertinos de destacadas orquestras. Como intérprete, Heredia é un violinista de gran son, presenza escénica e musicalidade. Actuou en numerosas ocasións como solista e gravou para a radio, a televisión e mesmo o cine, onde encarnou o histórico violinista Manuel Quiroga. Na actualidade é profesor de violín no Conservatorio Profesional de Música Manuel Quiroga de Pontevedra e director da Xove Orquestra Sinfónica de Pontevedra. É convidado con frecuencia a impartir clases maxistras dentro e fóra de Galicia, e, como mestre, alumnas e alumnos seus foron galardoados en concursos e festivais internacionais e ocupan postos principais en orquestras xuvenís e profesionais.

Fernando Reyes, guitarra barroca e tiorba

Inicia a súa formación en Santiago de Compostela en guitarra clásica. Posteriormente especialízase nos instrumentos antigos de corda pulsada no Conservatorio de Toulouse (Francia) e na Staatliche Hochschule für Musik de Trossingen (Alemaña) con Rolf Lislevand, onde obtén o título superior en Música Antiga e realiza o posgrao de Concertista. Desenvolve unha intensa actividade de concertos e gravacións por toda Europa, como solista e como acompañante. En 1990 funda en Santiago de Compostela o grupo de música antiga Resonet, co que actúa en prestixiosos festivais e auditorios europeos, dedicándolle especial atención á música ligada a Galicia e ao Camiño de Santiago.

Arquímedes Artal, viola de gamba

Estudou frauta de pico, travesa barroca e viola de gamba nos conservatorios de Salamanca e Sevilla con Guillermo Peñalver, Ventura Rico e Pere Ros, e obtivo o título superior de Viola de Gamba. Recibiu clases de mestres coma Jordi Savall, Juan Manuel Quintana, Vittorio Ghielmi, Philippe Pierlot, Marianne Müller ou Kenneth Slowik, así como de membros de Il Giardino Armonico e Musica Antiqua Köln. Conta cunha rica actividade concertística con grupos coma Ludicus Consort, Resonet ou o Consort de Violas da Universidade de Salamanca. Ademais, está especializado no *lirone*, do que é un dos poucos intérpretes. É membro do cuarteto Gallaecia Antiqua e profesor de viola de gamba no Conservatorio Profesional de Música Manuel Quiroga de Pontevedra.



Músicos no Pórtico. Debuxo, ca. 1941. Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (1886-1950)

XVI EDICIÓN

Noites de Música Antiga

EDIFICIO CASTELAO, MUSEO DE PONTEVEDRA

XOVES 30 DE XULLO, ÁS 19 H

TEUCRO TRÍO

UNHA VIAXE POLA EUROPA DO BARROCO

MUSEO.DEPO.GAL



Deputación
Pontevedra



MUSEO
PONTEVEDRA

DE SONATAS E OSTINATI

A mediados do século XVII a música instrumental consolida a súa emancipación daqueles modelos vocais nos que se apoiara desde o inicio da polifonía no medievo. A sonata en trío, articulada en movementos contrastantes en carácter e velocidade, vai ser o xénero máis relevante de boa parte deste repertorio, ao que se lle suma xa a finais do século o concerto, no que o principio do contraste é desenvolvido con intensidade nos diferentes planos da composición: instrumentación, plano tonal, dinámica, agónica etc. Varios dos autores representados neste programa foron especialistas recoñecidos como compositores da sonata en trío, como é o caso dos dous italianos que enmarcan o programa: Marco Uccellini e Francesco M. Veracini; por cronoloxía, pioneiro o primeiro e epígonos o segundo, deste xénero. Da ampla produción de Uccellini, que inclúe tamén moita música escénica, *Aria sopra la Bergamasca* é quizais a súa obra máis popular hoxe en día. Baseada nunha progresión harmónica moi simple (I-IV-V-I) orixinaria dunha danza popular de Bérgamo —de aí o seu nome—, a *Aria* é un perfecto exemplo de como un esquema sinxelo pode ser sorprendentemente eficaz nas mans dun compositor de talento. Ao igual que Uccellini, Veracini foi un recoñecido violinista, se ben con máis proxección internacional que o modenés, pois a súa arte levouno de Florencia a Venecia, Londres, Düsseldorf, Saxonia e de volta a Pisa. As Sonatas académicas (1744) conforman unha serie de 12 obras, das que escoitaremos a número 5, coa habitual distribución en varios movementos propia do Barroco final. Completa esta representación do xénero da sonata en trío unha obra de Dietrich Buxtehude, a Sonata III en la menor. Recoñecido fundamentalmente como organista, e mestre de organistas —entre eles, Haendel ou Bach—, as sonatas en trío de Buxtehude, publicadas na década de 1690, son unha proba elocuente da expansión e do dominio do estilo italiano na música de cámara en toda Europa, na primeira metade do século XVIII.

As variacións sobre un baixo *ostinato* harmónico eran xa desde o Renacemento un dos procedementos compositivos habituais da música instrumental e durante o Barroco esta técnica foi desenvolvida en xéneros e instrumentos moi diversos. No referido ao conxunto, temos no programa tres exemplos sobranceiros que dan mostra da difusión e versatilidade desta técnica. Andrea Falconiero —ou Falconieri— foi un laudista napolitano que traballou tamén en Francia e en España. A peza do programa é, coma a de Uccellini, unha das máis populares da música barroca entre o público de hoxe en día. O termo “folía” aparece xa documentado desde o século XV referindo a unha danza popular en Italia e na península ibérica, e o baixo *ostinato* sobre o que se constrúe está mesmo en fontes cultas coma o *Cancionero de Palacio*; a partir do uso que Marin Marais fixo deste *ostinato* nas variacións para viola de gamba que publicou en 1701, coñeceuse en Europa comunmente como *Folia de España*. Outro *ostinato* moi usado foi o coñecido como chacona, ou *ciaccona*, igualmente ligado a unha danza de orixe disputada entre España e Italia. A “Chaconne en trio”, de Jacques Morel, forma parte do *Premier Livre de Pièces de Violle* (1709) deste compositor francés, discípulo de Marin Marais, a quen lle dedicou a obra. Escrita para frauta travesa, viola de gamba e baixo continuo, forma parte do repertorio habitual da música antiga e valeulle a Morel para ser rescatado do case absoluto esquecemento. Completa este trío de obras sobre *ostinati* a “Chiaccona à 3” (1662), anónima, incluída no *Partiturbuch Lüneburg*. O orixinal está escrito a catro partes, pero pode facerse a tres, pois unha das calidades da música deste período e a súa adaptabilidade a diferentes orgánicos, en función das circunstancias.

A música para corda pulsada contaba en España cunha destacada tradición propia, herdada dos violistas de man do século XVI. Abandonada a viola de man, substituída pola guitarra de cinco ordes no XVII, compositores coma Juan Carlos Amat, Gaspar Sanz ou Santiago de Murcia continuarían aquela tradición e popularizarían o novo instrumento, desenvolvendo a técnica do *rasgueo* para o acompañamento. Santiago de Murcia foi, ademais de virtuoso e compositor, un destacado teórico. O seu *Resumen de acompañar la parte con la guitarra* (1714) é un completo manual de técnicas, á parte dun auténtico compendio de xéneros que manifestan a intensa circulación de obras e estilos entre España, Francia e Italia. Neste último país mesmo é posible que estivese o compositor, acompañando a Filipe V en 1702, como músico da corte que era. As obras de Murcia difundíronse nas colonias americanas, e para mostra este fandango, conservado nunha fonte mexicana: o Códice Saldivar, en recoñecemento do musicólogo Gabriel Saldivar, que o atopou en 1943.

Luís Costa Vázquez
Universidade de Vigo

PROGRAMA

Marco Uccellini (1603-1680)
Aria Sopra la Bergamasca

Santiago de Murcia (1673-1739)
Fandango, Códice Saldivar

Andrea Falconiero (1585/6-1656)
Folías echas para mi señora Doña Tarolilla

Anónimo (1662)
Chiaccona à 3, Partiturbuch Lüneburg

Dietrich Buxtehude (1637-1707)
Sonata III en la menor, op. 1, BuxWV 254
(*adagio, allegro, lento, vivace, largo, presto, adagio lento*)

Jacques Morel (fl. 1700-1749)
Chaconne en trio

Francesco Maria Veracini (1690-1768)
Sonata Accademica V, op. 2.
(*adagio assai, allegro assai, allegro assai, giga allegro*)